

**DECRETO CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA. EXPTE Nº:
2021/G007/000010.**

Excma. Sra. D.^a Lara Méndez López, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO Sesión Ordinaria do Excmo. Concello Pleno**, que terá lugar, por medios telemáticos, o vindeiro **xoves, día 29 de xullo de 2021, ás 10:00 horas**, de acordo coa seguinte **orde do día**:

A) PARTE RESOLUTIVA

CULTURA

1/106 RATIFICACIÓN DO DECRETO NÚMERO 5521 DO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS, DO 25 DE XUÑO DE 2021, RELATIVO AO SINALAMENTO DAS FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2022.

PERSOAL

2/107 SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE COMPATIBILIDADE PARA UN SEGUNDO POSTO DE TRABALLO.

PROPOSICIÓNS

3/108 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 244/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A PROMOCIÓN DUN OCIO XUVENIL SAUDABLE E SEGURO.

4/109 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 245/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA FACILITAR AOS MOZOS O ACCESO Á VIVENDA.

5/110 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 249/2021 DE REXISTRO DE PLENO, EN APOIO DO XACOBEO 21-22.

6/111 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 250/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA UNIR O PARQUE ROSALÍA DE CASTRO CO PARQUE DO MIÑO ATRAVESANDO CON PASARELA MARCOS CELA.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cal

Refª: ispac3218851700924110348.doc

Asunto: CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO DO 29-7-2021

7/112 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 251/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO PROMOVA A CAPTACIÓN DE TURISTAS CARA A CIDADE DE LUGO.

8/113 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 252/2021 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA A ELABORACIÓN DUNHA ORDENANZA MUNICIPAL PARA O USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

URBANISMO

9/114 RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL POLA QUE SE DÁ CONFORMIDADE Á HOMOXENEIZACIÓN DOS NIVEIS DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CATALOGADO NO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN, REHABILITACIÓN E REFORMA INTERIOR DO RECINTO AMURALLADO DE LUGO E A SÚA ZONA DE INFLUENCIA (PEPRI), EN RELACIÓN COS ESTABLECIDOS NA LEI 5/2016, DO 4 DE MAIO, DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA.

PERSOAL

10/115 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 4726 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS, RELATIVO AO LEVANTAMENTO DE REPARO DOS SERVIZOS EXTRAORDINARIOS REALIZADOS POR PERSOAL DO TALLER DE AUGAS NOS MESES DE MARZO, ABRIL, MAIO, XUÑO, AGOSTO E SETEMBRO DE 2020.

ACTAS E GOBERNO

11/116 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 13 DE XUÑO DE 2021, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS.

ROGOS E PREGUNTAS

Notifíquelles aos señores e señoras concelleiros e concelleiras, coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos/das señores e señoras concelleiros e concelleiras, a partir da data desta convocatoria, nas oficinas da Secretaría Xeral do Pleno.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, un tercio do número legal de membros da Corporación (artigo 210.2.c) da Lei

5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,